Xornada de peche do proxecto Life+ Margal Ulla

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato Otero, participará no acto de clausura, que se celebrará este mércores 4 de maio no Hotel Monumento San Francisco.

A xornada poderase seguir por streaming.

03 de Mai de 2016 ás 10:26

Este mércores 4 de maio celébrase o acto de clausura do proxecto Life+ Margal Ulla tras cumprir co seu obxectivo de recuperación e mellora do ecosistema fluvial da bacía do Ulla. O acto poderase será emitido por internet coa tecnoloxía streaming.
A xornada diríxese aos organismos, institucións e centros de investigación relacionados de xeito indirecto coa problemática ambiental abordada por Margal Ulla así como a organismos directa ou indirectamente implicados na zona de actuación do proxecto.
O proxecto, que comezaba a súa andaina no ano 2010, estivo cofinanciado nun 49,68 % polo programa LIFE+, un instrumento financeiro da Unión Europea que promove o desenvolvemento da política e da lexislación comunitarias en materia de medio natural.
Para seguir o evento por streaming pode dirixirse a seguinte ligazón.
https://livestream.com/accounts/9168984/events/5315821